

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE MARZO DE 2009.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D. José Manuel González Alvarez
D^a Ana Maria Abad López
Secretario:
D. Luís M^a Fernández del Olmo
Excusa a súa asistencia:
D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 17.30 horas do día nove de marzo de 2009, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.
Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 13 de febreiro de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. JOSE DOMINGUEZ LOSADA, RELATIVO A REPARACIÓN DE MURO DE PIEDRA EN VILACHÁ-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. José Domínguez Losada con D.N.I nº: 33.704.784-D con domicilio en Vilachá, 34 (27877Portocelo), para realización de obras de reparación de muro de pedra de 30 metros de lonxitude para peche de finca en Vilachá, 34 (Portocelo). Expediente: 379/09

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo Rural de Portocelo.
- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita. Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- O peche que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Farase a reparación de acordo co solicitado, o no seu defecto en cachotaría concertada. En calquera dos casos deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio rural no que se localiza.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- Habida conta que a parcela da frente a vial de Diputación, e necesario o informe previo de dita Administración, a cal con data 29 de xaneiro de 2009 e rexistro de saída nº 2030, informa favorablemente esta solicitude, coas alineacions e condicionantes correspondentes.
- As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais adaptándose tanto as prescricións municipais coma as especificadas pola Deputación Provincial no seu informe.
- 8º.-Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.200€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 24,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. JOAQUIN EMILIO GARCIA MARTIN, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN VILACHÁ.

Vista solicitude formulada por D. Joaquin Emilio Garcia Martín con D.N.I. nº 51.613.901 con domicilio en Vilachá-Portocelo na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Vilachá-Portocelo.- Expediente licenza obra: 2281/05

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“OBRA PREVISTA EN PROXECTO: Edificio para vivenda unifamiliar composto de semisótano, planta baixa e unha altura para vivenda.

OBRA EXECUTADA: Vivenda unifamiliar composta de, semisótano, planta baixa, e unha altura para vivenda.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

CERTIFICO: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de

habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal, e asemade coa ampliación do semisótano.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de Aplicación. -Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. -

A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.

Presuposto proxecto de ejecución-liquidación final:91.368,00 euros

Valoración licenza primeira utilización 0,5% s/p 456,84 euros.

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Vilachá-Portocelo que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de Licenza de Primeira Ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 456,84€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.3) SOLICITUDE DE D. MIGUEL ANGEL BERROCAL CORTÉS E OUTROS PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN CANELAS.-PORTOCELO.-XOVE

Vista solicitude formulada por D. Miguel Angel Berrocal Cortes, Dona Isabel Renedo Gancedo, D. Rafael Cuerda García Junceda e D^a Mónica Renedo Gancedo, con domicilio en c/ Mieres, 19 (28250 Torrelodones Madrid) na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación, para vivenda sita en Canelas-Portocelo. Expediente: 3540/06

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“Obra Prevista En Proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Planta baixa. Vivenda unifamiliar composta de unha planta.

Obra Executada: Vivenda unifamiliar composta de, unha planta baixa, sen variación das condicións da obra prevista en proxecto e licenza outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

CERTIFICO:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade

de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.

ordenanza de aplicación. -solo non urbanizable de núcleo rural. -

A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

Presuposto Proxecto de Ejecucion-Liquidacion Final: 110.277,90 Euros

Valoración Licencia Primeira Utilización 0,5% s/p 551,39 Euros.

OBSERVACIÓNS: Deberáse solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Canelas-Portocelo que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de Licenza de Primeira Ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 551,39€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.4) SOLICITUDE DE D. ALFONSO PELARIGO VAZQUEZ, RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE MURO DE 20 METROS DE LONXITUDE EN SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D. Alfonso Pelarigo Vázquez con D.N.I nº: 33.809.500-Ycon domicilio en Cabo, 9 (27878 Sumoas), para realización de obras de construción de muro de 20 metros de lonxitude para peche de finca en Cabo, 9 (Sumoas). EXPEDIENTE: 87/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. articulo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG. Núcleo rural de Portocelo.

2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o

muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Condições do muro de acordo con Artigo 42.1.C.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Aмосa-la súa conformidade co informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal anteriormente transcrito, e dar traslado do mesmo ó Departamento de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo, interesando a concesión da autorización solicitada por D. Alfonso Pelarigo Vázquez, baseada no feito de consolidar as alineacións dos peches de fincas existentes desde tempo inmemorial no núcleo de Cabo, parroquia de Sumoas (Xove) no frente á estrada de titularidade provincial de Sumoas a Toimil.

B.5) SOLICITUDE DE D^a CONCEPCIÓN BEN FRAGA, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN CANELAS-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D^a Concepción Ben Fraga con D.N.I. nº31.258.629-L con domicilio en Avda. Diputación, 25 (27870 Xove) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Canelas-Portocelo. Expediente licencia obra: 1316/06

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Data de licencia: 28 de xunio de 2.005 e o 11 de outubro do 2006

Obra prevista en proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar composto de planta baixa e unha edificación auxiliar posterior.

Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de, planta baixa, para vivenda cuia licenza otorgouse en Comisión de Goberno de 28 de xuño do 2005, en na comisión de goberno do 11 de outubro do 2006 otorgouse licenza de ampliación e reforma do proxecto inicial.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Informa:

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal, e asemade coa ampliación de licencia do 11 de outubro do 2006

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de aplicación. -Solo non Urbanizable de Núcleo Rural. - A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.

Presuposto Proxecto de Ejecucion-Liquidacion final: 18.200,00 Euros

Valoracion licencia primeira utilización 0,5% S/P 91,00 Euros.

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Canelas-Portocelo que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto

Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de Licenza de Primeira Ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 91,00€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.6) SOLICITUDE DE D. EUGENIO FERNANDEZ FRA RELATIVO A CONSTRUCCION DE MURO DE PECH E EN AGRAMONTE-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Eugenio Fernández Fra con D.N.I nº: 76.564.107-M con domicilio en Gondar, 1 (27879 Monte), para realización de obras de construción de muro de peche de bloque de 20 metros de largo e 1,5 metros de alto para finca sita en Agramonte C, nº11 (Xove). Expediente 866/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- 1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo urbano, de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Artigo 94.-Ordenación 4ª.-Residencial aberta extensiva.
- 2º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o muro que se pretende, ubícase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo urbano, pódese outorgar a licenza que se solicita.
- Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Construírse en cachotaría concertada, ou bloque de formigón branco revestido e pintado. En calquera dos casos deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio no que se localiza.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais.
- Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo, sen a cal non terá validez a licenza.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 900,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 18,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 3 meses, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA XOVE, DE AXUDA ECONÓMICA PARA O ANO 2009.

Visto o escrito de D. José Manuel Blanco González, como Presidente da Asociación Cultural Deportiva Xove, con CIF: G2728520 con domicilio a efectos de notificación en C/ Dr. Baamonde Illade, 22 (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o financiamento de escolas deportivas – actividades deportivas durante o ano 2009.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 451.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 18.000,00€ para o financiamento de escolas deportivas – actividades deportivas durante o ano 2009.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 12.600,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 18.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.

Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:

O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D.2) SOLICITUDE CLUB DE TENIS PALMEIRO DE AXUDA ECONÓMICA PARA O ANO 2009.

Visto o escrito de D. Marcelo Gradaille Chao, como Presidente do Club de Tenis Palmeiro, con domicilio a efectos de notificación en Urb. Palmeiro, 69 – 3ªA (27879 Rigueira) no que solicita unha subvención para o financiamento de actividades deportivas para o ano 2009.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitida proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 452.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 1.000,00€ para o financiamento de actividades deportivas para o ano 2009.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 700,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 1.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.

Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:

O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D.3) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A VARA-XUANCES, DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Maribel Guerreiro Abad, con D.N.I. nº: 76.563.291 - V, con enderezo no Centro Social de A Vara (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/08/2008 ó 31/01/2009, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade cos acordos de 14 de decembro de 1998 e 13 de xaneiro de 1999 a tenor dos cales se establece a subvención máxima a percibir por importe de 2.102,34€ e visto que transcorreron outros seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.051,17€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.4) ESCRITO DO CLUBE DE BALOMMANO XOVE, SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Vista solicitude de D. José Iravedra López, con domicilio no Clube de Baloncesto Xove, os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 15.000,00€ na Xunta de Goberno Local de 26/01/2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 16.113,97€.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 4.500€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. DEMETRIO LOPEZ PENA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Demetrio López Pena con D.N.I. nº 01081107-S , con domicilio en C/ Dr. José Baamonde Illade, 8 (27870 Xove) por morte de unha vaca, por importe de 400,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D. DEMETRIO LOPEZ PENA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Demetrio López Pena con D.N.I. nº 01081107-S , con domicilio en C/ Dr. José Baamonde Illade, 8 (27870 Xove) por morte de unha vaca, por importe de 200,00€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D. DEMETRIO LOPEZ PENA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Demetrio López Pena con D.N.I. nº 01081107-S , con domicilio en C/ Dr. José Baamonde Illade, 8 (27870 Xove) por morte ó nacer, por importe de 120,00€.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARIA TERESA PALEO RIVEIRA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Teresa Paleo Riveira con D.N.I. nº 77.591.671-K, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) por morte no parto de unha vaca, por importe de 300,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARIA TERESA PALEO RIVEIRA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Teresa Paleo Riveira con D.N.I. nº 77.591.671-K, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) por morte dunha xata ó nacer, por importe de 120,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a EMILIO VAZQUEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A D. ARTURO RUBAL VIGO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Arturo Rubal Vigo con D.N.I. nº 33.995,813-L , con domicilio en Veiga, 32 (27878 Rigueira) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D.12) AXUDA DE GANDERÍA A D EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27878 Monte) por morte de unha vaca a causa do temporal, por importe de 400,00€.

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27878 Monte) por morte de unha vaca a causa do temporal, por importe de 300,00€.

D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANA BELEN PIGUEIRAS LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Ana Belén Pigueiras López con D.N.I. nº 33.996.334-B, con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte) por morte de unha vaca, causada polo temporal, por importe de 500,00€.

D.15) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ LOUZAO QUELLE .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Quelle con D.N.I. nº 33.797.552-H , con domicilio en Carballás, 7 (27870 Xove) por morte de unha vaca, causada polo temporal, por importe de 400,00€

D.16) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ LOUZAO QUELLE.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Quelle con D.N.I. nº 33.797.552-H , con domicilio en Carballás, 7 (27870 Xove) por morte de unha vaca, causada polo temporal, por importe de 200,00€

D.17) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR NIEVES QUELLE PALEO.

Vista solicitude formulada por D^a Nieves Quelle Paleo con D.N.I. nº 33.706.620-M con domicilio en Vilar, 13 (27878 Lago) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Nieves Quelle Paleo como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.18) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE ANTONIO MEITIN MEITIN.

Vista solicitude formulada por D. Antonio Meitin Meitin con domicilio en Vilachá, 9 (27877 Portocelo) na que solicita a ampliación de 1 hora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 7 horas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas do solicitante para que pasen a ser 7 horas semanais.

2º) A notificación o interesado, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.19) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE RAMIRO SALGUEIRO RÍO.

Vista solicitude formulada por D. Ramiro Salgueiro Río con domicilio en San Cristobo, 6 (27877 Portocelo) na que solicita a ampliación de 1 hora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 6 horas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas do solicitante para que pasen a ser 6 horas semanais.

2º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.20) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE M^a FE CAO EXPOSITO.

Vista solicitude formulada por D^a María Fe Cao Expósito con domicilio en c/ Tomás Mariño Pardo, 10 2º D (27870 Xove) na que solicita a redución de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 6 horas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 6 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.21) ESCRITO DA XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO, RELATIVO Á SOLICITUDE DE BONIFICACION DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE MARIA OLGA BAÑO CASARIEGO.

Por Secretaría dáse conta do escrito da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo, polo que se devolve o escrito de María Olga Baño Casariego, con DNI 33996720Y en relación a bonificación do 50% na cuota íntegra do imposto sobre bens Inmóbles.

A Xunta de Goberno Local, visto que está delegada a xestión da recadación de Tributos Municipais no que se inclúe o Imposto sobre Bens Inmóbles; por unanimidade acorda a remisión do expediente completo ó Servizo Provincial de Recaudación, sito en C/ Tui, 5 (27001 Lugo), os efectos da emisión do preceptivo informe, verbo da bonificación interesada pola solicitante.

D.22) SOLICITUDE DE CRISTINA LOSADA CASAS DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA VIVIENDA UNIFAMILIAR EN MORÁS.

Vista solicitude presentada por D^a Cristina Losada Casas, con D.N.I. nº: 77.593.931-G con domicilio en Aldea de Abaixo, 6 (27878 Morás-Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para vivenda sita en Aldea de Abaixo-Morás, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 10 metros de tubería de 25 en 10 Atm e a colocación de contador; e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 291,87€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de fundición	23,63€
1 Llave de ¾ bola	6,13€
1 Llave de paso	8,92€
1 Mamelón de latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
10 Metros canalización	30,00€
1 Reducción de ¾ latón	2,23
1 redución de ¾ a ½ latón	0,73€
1 Terminal de 25 -3/4 jinten	1,45€
5 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	170,52€
Subtotal:	251,61€
IVA 16%:	40,26€

TOTAL 291,87€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D^a Cristina Losada Casas, con D.N.I. nº: 77.593.931-G con domicilio en Aldea de Abaixo, 6 (27878 Morás-Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para vivenda sita en Aldea de Abaixo-Morás.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.23) SOLICITUDE DE D. ANGEL MARIÑO ROUCO DE CONCESIÓN DE ENTONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA DE CONSTRUCCION DE VIVENDA EN RIGUEIRA.

Vista solicitude presentada por D. Angel Mariño Rouco, con D.N.I. nº: 77.594.003-F con domicilio en c/ Apeadero, 4 2º Izqda. (27870 Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para vivenda sita en Vila do Medio Rigueira-Xove, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta con chaves, a canalización de 10 metros de tubería de 25 en 10 Atm. U.A. e a colocación de contador; e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 291,87€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de fundición	23,63€
1 Llave de ¾ bola	6,13€
1 Llave de paso	8,92€
1 Mamelón de latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
10 Metros canalización	30,00€
1 Reducción de ¾ latón	2,23
1 redución de ¾ a ½ latón	0,73€
2 Terminales de 25 -3/4 jinten	2,90€
10 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	17,05€

Subtotal: 251,61€

IVA 16%: 40,26€

TOTAL 291,87€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Angel Mariño Rouco, con D.N.I. nº: 77.594.003-F con domicilio en c/ Apeadero, 4 2º Izqda. (27870 Xove), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para vivenda sita en Vila do Medio Rigueira-Xove.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a

oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.24) SOLICITUDE DE D. FRANCISCO GARCIA FERNANDEZ, INTERESANDO AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A COLOCACIÓN DUN DETONADOR DE PROPANO (ESPANTAPAXÁROS ACÚSTICO AUTOMÁTICO) NO LUGAR DE LEIRAS -VILACHÁ.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do expediente do epígrafe.

Visto que pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en resposta ó requirimento efectuado dende o Concello de Xove, manifestou a necesidade de que o solicitante aportara certificación acreditativa do cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica.

Visto que con data 29 de agosto de 2008 deuse traslado do citado requirimento ó solicitante, os efectos da aportación ó expediente da certificación anteriormente citada.

Visto que a data de hoxe, polo solicitante non se aportou a certificación de referencia.

Tendo en conta que consonte se reflicte no cadro de características técnicas do detonador de propano (espantapaxáros acústico automático), marca Guardian 2 fabricado por Gepabal S.L. para cuia colocación se solicita autorización municipal, figura unha potencia mínima de 105 Db; é dicir, por encima do nivel máximo de ruído autorizado polo decreto 320/2002 e 7 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra á contaminación acústica, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes, acorda denegar a autorización interesada polo Sr. Francisco García Fernández.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaoito horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.